

RESOLUCIÓN DE DECLARACIÓN DE ADQUIRENTES EN 2ª OU POSTERIORES TRANSMISIONS

EXPEDIENTE: PO94503:31
SITUACIÓN: R/ ARAGON, NÚMERO 209, BLOQUE 1, PISO 6º I - VIGO

Por resolución da xefatura territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de Pontevedra de data 11 de setembro de 2012 iniciouse o proceso de selección de adquirentes en segundas ou posteriores transmisións en relación coa vivenda de promoción pública pertencente ó expediente PO94503:31, ó abeiro do establecido no artigo 8 do Decreto 253/2007, do 13 de decembro, de réxime xurídico do solo e das edificacións promovidas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS) e no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade de Galicia.

Co obxecto de seleccionar adquirentes para dita vivenda, esta foi ofertada a través da páxina web do IGVS ás persoas que, atopándose inscritas no Rexistro Único de Demandantes na data da resolución de inicio do proceso, manifestasen por escrito o seu interese na adquisición no prazo de 15 días dende a data de alta na páxina web.

Consonte ó establecido no artigo 31 do Decreto 1/2010, do 8 de xaneiro, o pasado día 09 de novembro de 2012 celebrouse sorteo entre as persoas que no prazo citado no parágrafo anterior presentaron solicitude de inclusión no procedemento de selección de adquirentes. Como consecuencia de dito sorteo, e logo da comunicación de non aceptar a súa desingación como adquirente por parte da persoa declarada como adxudicataria definitiva, unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos para ser designado adquirente, facendo uso das súas competencias, o xefe territorial en Pontevedra

ACORDA:

Declarar adquirente a don SANTIAGO JOSÉ CASTRO LÓPEZ (número de credencial 2.922 e primeiro reserva da listaxe de adxudicatarios definitivos).

Contra dita resolución, que non esgota a vía administrativa poderase interpoñer recurso de alzada ante o señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó da publicación da presente resolución de conformidade co disposto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola ley 4/1999, de 13 de xaneiro.

Pontevedra, 12 de decembro de 2012.

O/A xefe territorial da consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Asdo.: José Luis Díez Yáñez